

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Memoria 1995

Aprobada na Comisión da Biblioteca Universitaria o 13 de  
Maio de 1996



## MARCO XERAL

Durante 1995 a BUSC seguiu traballando nas liñas que se puxeran en marcha en anos anteriores e que fundamentalmente son: automatización do seu catálogo e servizos, acceso á información bibliográfica externa e cooperación.

O ano 1995 puxo en marcha na BUSC a adquisición dos novos equipamentos informáticos, que se viñan botando en falta dende 1994, cara a contar cun ordenador potente que permita unha xestión áxil da base de datos e o aproveitamento da potencialidade da rede de comunicacións da USC. O proxecto elaborado pola BUSC co nome de IACOBUS foi dado a coñecer ós Servizos Informáticos e o Servizo de Comunicacións da USC, sacado a concurso público de licitación e finalmente adxudicado o 30 de Outubro de 1995 por importe de 32.924.011 ptas., de tal xeito que a recepción dos equipos non tivo lugar ata xaneiro de 1996. Na primeira fase adquiríronse ordenador e terminais, quedando para ser completado con PCs e impresoras en 1996.

Debido a carencia destes equipos en 1995 non foi posible realizar ningún avance na reconversión de catálogos de tal xeito que a prevista automatización da Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais non podera ser abordada ata 1996.

Dende o punto de vista presupostario destaca a contención do custo das publicacións periódicas, cuxos prezos se incrementaron de forma moi moderada respecto a anos anteriores, o que se debe fundamentalmente á posición do dólar no mercado de divisas.

Hai que resaltar tamén nesta introducción o inicio da construción da Biblioteca Intercentros no Campus de Lugo, así coma a apertura en sábado das Bibliotecas da Facultade de Dereito e Química que veñen a completa-la apertura nese día da Biblioteca Xeral, aínda que cun horario máis restrinxido.

Tamén sinalar que en 1995 por vez primeira realizouse un estudio de uso das coleccións de publicacións periódicas mediante o método de estudio de usuarios, do que se avanza os primeiros resultados no apartado de Servicios.

#### AUTOMATIZACION e NOVAS TECNOLOXIAS

Neste ano rematouse a reconversión dos catálogos das Bibliotecas de Filoloxía e Xeografía e Historia. Esta reconversión, realizada nos anos 1994-1995, supuxo a incorporación de 134.291 rexistros bibliográficos na base de datos, dos que 77.464 corresponden á primeira e 56.827 á segunda. Hai que ter en conta que, dado que a Biblioteca de Xeografía e Historia non poido ser conectada no presente ano prodúxose unha catalogación manual que aínda non está incluída no Catálogo automatizado e que abarca aproximadamente 1.400 rexistros bibliográficos.

A principios do ano 1996 ó fundirse as 2 instalacións existentes ata agora o número de rexistros, previa eliminación de duplicados, a base de datos contaba con 302.103 rexistros bibliográficos.

Neste ano púxose tamén en marcha a adquisición dunha licencia do programa SOD para a automatización do préstamo interbibliotecario da Biblioteca da Facultade de Medicina, e implantouse o uso do correo electrónico para as solicitudes deste servizo na Biblioteca Xeral.

As Bibliotecas de Medicina e Química puxeron en rede as súas bases de datos en CD-ROM, no primeiro caso co financiamento da Facultade e no segundo cunha Axuda da CICYT de 1994.

Dado que o investimento que se tiña decidido para poñer en marcha unha rede de CD-ROMs (7.000.000 ptas. correspondentes ó presuposto de 1994) non era suficiente, e despois de que se buscaran axudas externas na Xunta de Galicia que non financiou o proxecto, en 1995 a Biblioteca Xeral solicitou unha subvención á Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología dentro do Programa Nacional de Información para la Investigación Científica y el Desarrollo Tecnológico, que foi resolta favorablemente o 19 de Decembro e que supón un financiamento de 10.000.000 ptas.

### COOPERACION E REDES

Durante 1994 desenvolveuse o Convenio da USC e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia polo que 1 bibliotecario do cadro de

persoal da Xunta estivo a desenvolver-lo seu traballo na Sección de Galicia da Biblioteca Xeral, a cambio da entrega dos rexistros da base de datos de Galicia dende 1988 a 1994 para a edición do Boletín do Depósito Legal. No momento da redacción desta Memoria agárdase asinar un novo Convenio coa Consellería para 1996.

Tamén a Biblioteca Xeral a través da Xefa da Sección de Procesos Técnicos está cooperando no proxecto financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria *La Biblioteca América : catalogación temática*, dirixido pola Prof. Dra. Pilar Cagiao Vila.

A Biblioteca participa coma asesoría técnica a través da Dirección e Subdirección de Coordinación no proxecto *Censura e Ilustración en Galicia no marco europeo do século XVIII*, dirixido polo Prof. Dr. Martín González Fernández.

No marco da III Conferencia de Directores de Bibliotecas Universitarias celebrada en Sta. Cruz de Tenerife en xuño deste ano crearonse diversos grupos de traballo coa finalidade de presentar normas e recomendacións para as bibliotecas universitarias españolas en distintos campos. A BUSC forma parte do grupo sobre desenvolvemento das coleccións. Os acordos deste grupo presentaranse na IV Conferencia que se celebrará en 1996 na Universidad Complutense.

A BUSC foi a anfitriona do *Seminario sobre Automatización de Publicacións periódicas : el formato MARC de fondos y localizaciones*, do Grupo Español de Revistas. Este Seminario realizouse o 19 de

outubro na Escola Universitaria de Optica, e nel participou persoal da BUSC.

A rede Rebiun continuou as tarefas emprendidas en anos anteriores, aínda que con certos retrasos na edición do seu catálogo en CD-ROM. Ingresaron novos membros na mesma, quedando constituída polas Bibliotecas da Universidades seguintes: Alcalá de Henares, Barcelona, Cantabria, Carlos III, Castilla-La Mancha, Complutense, Girona, UNED, Oviedo, País Vasco, Politécnica Catalunya, Politécnica de Valencia, Pompeu Fabra, Pública de Navarra, Rovira i Virgili, Santiago de Compostela e Sevilla.

Os traballos do grupo de usuarios universitarios do sistema SABINI que se iniciaron en 1994 fixaronse especialmente na mellora da recuperación da información no Catálogo de acceso público en liña, módulo que na súa nova versión ven de ser posto ó público no momento da redacción desta Memoria.

## PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno para a BUSC en 1995 foi de 367.000.000 ptas, que supuxo un incremento global do 27.87% sobre os créditos ordinarios de 1994. A distribución por capítulos presupostarios foi a seguinte:

Capítulo 2: 28.000.000 de ptas.

Capítulo 6: 339.000.000 de ptas.

Estes créditos vironse incrementados por distintas aportacións:

Axudas Infraestructuras Xunta de Galicia: 43.839.654 ptas.

Aportacións de Centros, Departamentos, etc: 34.470.173 ptas.

Ingresos por servicios prestados: 15.990.156 ptas.

Descontos en librerías: 3.975.272 ptas.

Polo tanto, a BUSC dispuxo de 465.275.255 ptas. para facer fronte as adquisicións bibliográficas, equipamentos e gastos de xestión e mantemento. De tódolos xeitos compre aquí deterse algo máis neste conxunto de ingresos:

As axudas de Infraestructura bibliográfica que no ano 1995 pasaron a xestionarse de forma distinta a anos anteriores, xa que por vez primeira a Xunta de Galicia concedeu unha cantidade global á USC, sen entrar a distribuír o financiamento en función de cada solicitude, supuxeron so un incremento do 5% sobre as Axudas de 1994.

As aportacións de Centros, Proxectos de Investigación e Departamentos adicaronse fundamentalmente a investimentos do Capítulo 6 (32.443.572 ptas. según datos proporcionados polas bibliotecas), o que supuxo un incremento do 4.79% sobre 1994. Destes investimentos 27.572.382 ptas foron para adquisicións bibliográficas, destacando neles as bibliotecas de Humanidades, Ciencias Sociais e Matemáticas, mentras que son moi escasos ou inexistentes no resto dos Centros. A mobles e equipos adicaronse 4.871.190 ptas.

No capítulo 2 as aportacións foron de 2.026.601 ptas. o que supón unha redución do 57.67% sobre 1994.

Incrementáronse notablemente os ingresos da BUSC por diversos servizos (préstamo interbibliotecario, fotocopias, dereitos de edición) dende a homoxenización e posterior aprobación das súas tarifas na Xunta de Goberno de 2 de Xuño de 1995. Estas tarifas, onde os prezos para os usuarios externos e os servizos *á carta* tentan aproximarse ó custo real dos mesmos, supoñen ingresos considerables para aquelas bibliotecas cuxos fondos teñen unha demanda de préstamo interbibliotecario grande. En calquera caso as cifras indicadas corresponden ó conxunto das facturas e cargos internos emitidos, xa que no momento de redacción desta Memoria o Servizo de Contabilidade non fixo aínda público o peche do exercicio económico, debéndose tamén ter en conta que boa parte destas cantidades corresponden a pagos feitos con anterioridade pola BUSC.

Os únicos descontos de librerías incluídos aquí son aqueles que se establecen en función de acordos sobre os tramos de facturación con

librerías, e que se reciben posteriormente con ingresos en especie (libros). En calquera caso, debese ter en conta que estes acordos implican ademáis eliminación de pagos por transporte e que a diminución fundamental de gastos deriva dos aforros en xestión (reducción de facturación, etc.).

O **presuposto ordinario** distribuíuse de acordo ós criterios aprobados en Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, e que non variaron sustancialmente respecto ós últimos anos.

No Capítulo 6 adicaronse 300.000.000 ptas. a adquisicións bibliográficas, dos que 200.000.000 dirixíronse a financiar o pago das **subscripcións ás revistas**. Como se dixo na introducción desta Memoria a baixa cotización do dólar supuxo que os incrementos en 1995 foran inferiores ós de anos anteriores, tendose investido ó peche do exercicio 188.477.297 ptas., dos que 183.081.643 foron pagos de publicacións periódicas extranxeiras. En conxunto o incremento foi un 3.38% máis que en 1994.


Sen embargo, unha análise máis pormenorizada das subscripcións indica que o incremento global das subscripcións a revistas extranxeiras foi do 6,56% no seu conxunto, con desviacións considerables según os Centros (Bioloxía 16,82%, Maxisterio de Lugo 16.25%, Xeografía e Historia e CCI 11.13% e Medicina 8.43%, mentras Maxisterio de Santiago só se incrementou o 1.51%, Filosofía e CCE e Psicoloxía o 2.45%, Enfermería o 0.44%, Empresariais de Lugo -14.69% e a Biblioteca Xeral -0.47%). En calquera caso hai unha diminución dos incrementos considerable: fronte o 17.77% de 1994 o 6.56% en 1995.

En canto ás revistas españolas, no ano 1995 pagouse case 1.000.000 ptas menos que en 1994, pero hai que ter en conta a irregularidade de moitas destas subscripcións tanto dende o punto de vista da edición coma da xestión da facturación. Así as Bibliotecas da Facultades de Dereito, CC. Políticas e Graduados Sociais e de Xeografía e Historia teñen respectivamente 122 e 89 subscripcións para 1996 sen facturar no exercicio de 1995, e en cantidades menores as outras bibliotecas. De feito hai no momento da redacción desta Memoria unha facturación emitida por importe 1.289.922 ptas. que se corresponden a renovacións de revistas españolas para 1996, pero que se pagaran no exercicio económico dese ano.

O presuposto de **publicacións unitarias**, 100.000.000 ptas que supuxeron un incremento do 13.64% sobre 1994 e o 33% do presuposto ordinario de adquisicións bibliográficas, distribuíuse do seguinte xeito:

Dotación inicial titulación Direcc. e Admon. Empresas:	500.000
Incremento do 13.64% sobre presupostos base 1994:	61.018.446
Resto en función Centros experimentais, non experimentais e número de usuarios:	38.481.554

O presuposto ordinario para adquisicións bibliográficas distribuíuse de acordo ó gráfico seguinte:



Segundo os datos proporcionados polo Servicio de Contabilidade 6 bibliotecas pecharon o exercicio con máis do 20% do seu presuposto para adquisicións de monografías sen executar . Foron as correspondentes ós seguintes Centros: Facultade de Ciencias co 11.68%, Filoxía co 23.83%, Física co 25.58%, Matemáticas co 23.08%, Politécnica co 10.19% e EU de Optica co 20.12%.

O peche do exercicio dalgunha destas bibliotecas é lóxico se se ten en conta as transferencias de crédito que reciben dos Centros. Así a Biblioteca de Filoxía recibiu en Decembro 4.000.000 ptas. da Facultade e tamén Matemáticas tivo 2.200.000 ptas. da Facultade sobre o seu crédito ordinario. De tódolos xeitos hai que alentar ós Centros a que estas transferencias se fagan con anterioridade con obxecto de executa-lo presuposto no ano correspondente e evita-la perda de poder adquisitivo que toda remanente supón.

Noutros casos, como os de Física e Optica, a situación repítese sobre o ano anterior e é preciso que a Comisión de Biblioteca dese Centro revise esta práctica cara a evitala.

A equipamentos destinaronse 39.000.000 ptas. que foron dirixidos fundamentalmente á adquisición de equipos informáticos. Coma se ten xa indicado nesta Memoria 32.924.011 ptas. gastaronse en ordenador (14.500.000 ptas.), software xestor de base de datos (8.500.000 ptas.), terminais TCP/IP e lectores códigos barras (7.728.879 ptas.) e comunicacións (2.195.132 ptas.). Dedicouse tamén 1.223.000 ptas para a adquisición dunha estanteria compacta na biblioteca de Filosofía e CCE. e 113.941 ptas nunha estantería para a Biblioteca de Bioloxía. A remanente servirá para completa-los equipos xa previstos no proxecto Iacobus.

O presuposto asignado no Capítulo 2, 28.000.000 ptas., supuxo un incremento do 12% sobre o do ano anterior. Para a súa distribución estableceronse coma en anos anteriores 3 grupos de bibliotecas: Intercentros, de Facultade e de Escola Universitaria. Introdúxose coma criterio corrector a automatización/non automatización da biblioteca, xa que nas bibliotecas automatizadas diminuen os gastos nalgúns tipos de material (fichas, impresos de solicitude), mentras gastos novos son asumidos centralmente pola Biblioteca Xeral (códigos de barras, mantemento do sistema informático,etc.).

De este xeito estableceronse os seguintes presupostos base:

Bs. Intercentros automatizadas:	840.000 ptas.
Bs. Intercentros non automatizadas:	847.500 ptas.
Bs. Facultades automatizadas:	728.000 ptas.

Bs. Facultades non automatizadas: 734.500 ptas.

Bs. Escolas universitarias: 395.500 ptas.

A Biblioteca Xeral aplicouse o incremento do 12% sendo dotada neste capítulo con 10.254.619.

Os 5.425.381 ptas. restantes foron distribuídos entre as bibliotecas de Centros en función do número de usuarios.

A execución deste presuposto foi boa en todas as bibliotecas con practicamente o 100% das dotacións gastadas a fin de ano.


PRESUPOSTO ORDINARIO.

Distribución por Centros


Centros	Monografías	Publicaciones	total adquis. bibliográf.	Capít.2	Total
BX	21.287.577	6.970.045	28.257.622	10.254.619	38.512.241
Biología	2.739.859	14.724.930	17.464.789	937.081	18.401.870
Economicas	6.978.370	5.807.868	12.786.238	1.444.276	14.230.514
Dereito e Pol.	9.710.712	8.834.563	18.545.275	1.649.987	20.195.262
Farmacia	3.193.244	18.844.334	22.037.578	1.001.181	23.038.759
Filología	7.886.511	4.514.270	12.400.781	1.287.740	13.688.521
Filos. e Psico.	10.037.826	7.374.160	17.411.986	1.253.898	18.665.884
Física e Opt.	3.324.763	26.601.816	29.926.579	1.039.727	30.966.308
Hist. e CCI.	8.639.810	4.999.112	13.638.922	1.172.264	14.811.186
Matemát.	2.637.410	20.935.938	23.573.348	891.639	24.464.987
Medicina	3.368.294	22.359.271	25.727.565	1.012.220	26.739.785
Química	2.773.010	25.538.176	28.311.186	925.389	29.236.575
Veter. e Polit.	5.964.651	11.535.070	17.499.721	2.018.578	19.518.299
CCs e Humanidades	4.472.888	4.627.249	9.100.137	930.449	10.030.586
Maxist. Lugo	1.464.131	785.765	2.249.896	489.449	2.739.345
Maxist. Santiago	2.285.033	1.057.756	3.342.789	605.131	3.947.920
Empresariais	2.073.008	755.564	2.828.572	601.830	3.430.402
Enfermería	1.142.897	350.376	1.493.273	484.497	1.977.770
Observatorio	0	1.514.853	1.514.853	0	1.514.853
ICE	0	346.181	346.181	0	346.181
Total	99.979.994	188.477.297	288.457.291	27.999.955	316.457.246

EVOLUCION DO PRESUPOSTO CENTRALIZADO DE  
PUBLICACIONES PERIODICAS.

1990-1995



EVOLUCION DO PRESUPOSTO DE MONOGRAFIAS  
1991-1995



## APORTACIONES DEPARTAMENTOS, PROXECTOS, CENTROS

Centros	Depart.,Proxectos,Cen tros Cap6	Cap.2Centros
BX	0	0
Bioloxía	0	0
Economicas	0	0
Dereito e Pol.	7.276.128	440.000
Farmacía	631.535	0
Filoxía	9.539.692	56.890
Filos. e Psico.	2.941.111	188.871
Física e Opt.	497.833	0
Hist. e CCl.	6.120.148	500.000
Matemát.	2.200.000	272.721
Medicina	0	0
Química	140.731	0
Veter. e Polit.	28.350	165.190
CCs e Humanidades	455.578	0
Maxist. Lugo	993.881	0
Maxist. Santiago	755.522	402.929
Empresariais	0	0
Enfermería	0	0
Observatorio	0	0
ICE	648.714	0

AXUDAS INFRAESTRUCTURA BIBLIOGRAFICA XUNTA DE  
GALICIA  
1995

Centros	Financiamento
BX	4.350.000
Bioloxía	2.354.121
Economicas	1.508.361
Dereito e Pol.	4.701.010
Farmacia	2.451.010
Filoloxía	2.451.010
Filos. e Psico.	2.451.010
Física e Opt.	2.798.391
Hist. e CCI.	2.412.146
Matemát.	2.451.010
Medicina	2.451.010
Química	1.948.268
Veter. e Polit.	4.929.855
CCs e Humanidades	4.829.459
Maxist. Lugo	430.000
Maxist. Santiago	430.000
Empresariais	430.000
Enfermeria	0
Observatorio	462.978
ICE	430.000

## PERSOAL

A finais de 1995 a BUSC contaba co seguinte persoal:

- Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas :5 (1 sen dotar)
- Técnico de Documentación Informática: 1
- Escala de Axudantes de Bibliotecas: 61(9 contratos temporais)
- Técnico de Xestión de sistemas: 1
- Auxiliares administrativos: 4
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 86 (3 a xornada parcial)
- Porteiro Maior: 1
- Auxiliares de Servivios. A. de Conserxería: 2

Ademáis deste persoal a Biblioteca contou coa colaboración dun axudante de Bibliotecas cedido pola Xunta de Galicia en virtude do Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, e de 11 becarios de FP en prácticas na Biblioteca Xeral, CC. Económicas, Veterinaria e Politécnica e Maxisterio de Lugo.

O cadro de persoal foi practicamente o mesmo que o do ano anterior se exceptuamos os contratos temporais realizados ben para abrir algún novo punto de servivio (sala de consulta de manuais en CC. Políticas e EU de Optica, Hemeroteca de CC. Económicas pola tarde), ben para a apertura das bibliotecas de Dereito e Química os sábados con persoal en xornada parcial. Realizouse asimesmo un

contrato temporal para abordar a catalogación acumulada na Biblioteca de Ciencias e Humanidades.

A distribución desta plantilla pode verse no cadro seguinte:

Centros	Fac. e Axud. ABM	Téc. In formático	Aux. adm.	Aux. Tcos.	Conserxes
BUSC	5	1			
BX	18		4	15 (1)	3
Bioloxía	2			4	
Economicas	3			6	
Dereito e Pol.	4			7	
Farmacía	2			4	
Filoloxía	5			5	
Filos. e Psico.	6 (3)			5	
Física e Opt.	1			5	
Hist. e CCl.	5			5	
Matemát.	2 (4)			4	
Medicina	3			5	
Química	2			5 (5)	
Veter. e Pol it.	3			6	
CCs e Human idades	2			2	
Max. Lugo	1(6)			2	
Max. San tiago	1			2	
Empresariais	1			2	
Enfermería	1			2	

- (1) Inclúe 2 persoas a xornada parcial para apertura os sábados
- (2) Inclúe a persoa para apertura os sábados
- (3) 1 persoa desenvolve o seu traballo no ICE
- (4) Este persoal atende tamén a Biblioteca do Observatorio
- (5) Inclúe 1 persoa a tempo parcial para apertura os sábados
- (6) As bibliotecas de Maxisterio e Empresariais de Lugo comparten a dirección
- (7) Comparte a dirección coa biblioteca da F. de Medicina

A formación continuada do persoal desenvolveuse cos criterios acordados o ano anterior, aínda que a proposta elevada pola Xunta Técnica á Xerencia en 1995 non se puxo aínda en marcha. Aínda así e gracias á formación financiada pola Comunidade europea puido realizarse un curso de formación sobre Internet ó que acudiu persoal de tódolos Centros da BUSC.

Tamén o persoal participou en diversos cursos organizados por outros organismos. Así nos cursos da Xunta de Galicia sobre *Xestión de calidade en bibliotecas e centros de documentación* participaron 5 persoas da BUSC, e en *A Estatística coma ferramenta en documentación* 1 persoa.

O curso de REBIUN *Gestión de calidad* contou coa participación de 2 funcionarios da BUSC.

No *Seminario sobre automatización de publicacións periódicas* citado na introducción desta memoria participaron 5 funcionarias da biblioteca. Neste seminario actuou coma ponente a Subdirectora Técnica da BUSC.

O Ministerio de Cultura concedeu a 2 funcionarios da BUSC unha bolsa para estadias en bibliotecas extranxeiras. Estas viaxes profesionais que se realizaran en 1996 permitiran á Xefa de Negociado de Catalogación da BX visita-la Biblioteca Universitaria de Luxemburgo, e o Xefe de Negociado de Mantemento de fondos o sistema bibliotecario búlgaro.

## INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

En líneas xerais as instalacións non se modificaron sustancialmente en 1995, aínda que é preciso resalta-lo comezo da construción da Biblioteca Intercentros no Campus de Lugo, cun período de execución previsto de 18 meses e que vai supoñe-la primeira obra dirixida a Biblioteca na que previamente se fixo un estudio de necesidades por parte da BUSC, o proxecto foi discutido por usuarios, bibliotecarios e arquitecto e a superficie construída para biblioteca cumpre as normas internacionais para instalacións bibliotecarias.

Lamentablemente non podemos dici-lo mesmo das instalacións bibliotecarias incluídas no proxecto da nova Facultade de Ciencias da Información. Cando se comezaron os traballos preparatorios deste edificio, a decisión comunicada a esta Dirección indicaba que nesta Facultade non se iban a contemplar instalacións bibliotecarias, senon que tais servizos iban ofertarse dende outra biblioteca do Campus Norte. A finais de 1995 a Dirección da BUSC foi convocada a unha xuntanza na Facultade na que se lle presentaron os planos totalmente elaborados e nos que non cabía máis que realizar algunhas suxerencias. Aínda que o número de postos e superficie é axeitada ás previsións da Facultade en número de usuarios, a disposición dos servizos é moi costosa dende a perspectiva do cadro de persoal necesario.

Polo demáis neste apartado hai que reseñar:

a/ Abriuse unha sala de consulta de manuais na Escola de Optica, o que explica o incremento de superficie e postos respecto ó ano anterior da Biblioteca de Física e Optica. Para atender esta sala contratouse unha persoa que abre esta instalación de 10-14 e de 16-19 h.

b/ Ampliouse a superficie da biblioteca Intercentros de Filosofía e CCE. e Psicoloxía, con obxecto de poder dispoñer de espacio para a ubicación dos fondos. Nesta reforma das instalacións ganáronse escasamente 92 m<sup>2</sup>, perderonse 3 postos de consulta e resolveuse o problema a moi curto prazo.

c/As instalacións que incrementaron máis a súa superficie foron as da EU de Empresariais, xa que no novo edificio contan con 447 m<sup>2</sup> e 147 postos de consulta máis. En calquera caso, trátase dunha instalación provisoria ata o remate do edificio da Biblioteca Intercentros de Campus.

d/ Por reubicación dos servicios aumentaron lixeiramente os seus postos de consulta a Biblioteca da Facultade de Filoloxía (48) e a da EU de Maxisterio de Santiago (16).

e/ Ampliáronse as superficies de depósito da Biblioteca Intercentro das Facultades de Xeografía e Historia e CC. da Información.

f/ Melloráronse as condicións ambientais das salas da Biblioteca Intercentros de Veterinaria e Politécnica.

f/A finais de 1995 iniciáronse obras no depósito da Biblioteca Xeral coa finalidade de mellora-las instalacións dende o punto de vista da seguridade e condicións ambientais.


No momento actual a BUSC dispon de 21.899,76 m<sup>2</sup> con 4.919 postos de consulta e máis de 1.000.000 de volumens, cando debería ter máis de 36.000 m<sup>2</sup> e uns 8.000 postos de consulta. A Dirección da BUSC quere resaltar un ano máis estes datos, xa que os incrementos en presuposto de que ven disfrutando a biblioteca dende mediados dos anos 80 precisan intervencións urxentes en instalacións, a non ser que se quera chegar ás situacións que ven de sufrir-la Biblioteca Intercentros de Filosofía e CCE. e Psicoloxía cos seus fondos recen adquiridos fora de servizo e gardados en caixas durante máis dun ano. A Biblioteca Intercentros de Lugo é unha solución para ese Campus. Santiago precisara intervencións deste tipo ou doutro a curto prazo.

Nas táboas e gráficos seguintes pode verse a relación número de usuarios<sup>1</sup> / postos de consulta e superficies existentes e necesarias en cada punto de servizo.

---

<sup>1</sup>O número de usuarios empregado nestes gráficos corresponde ós datos de profesores con exclusiva e alumnos proporcionados polo Vicerrectorado de Investigación con vistas á distribución do presuposto de 1995.

Centros	usuarios	Postos existentes
BX		349
Biología	1.520	260
Economicas	5.160	381
Dereito e Pol.	5.834	614
Farmacia	1.986	474
Filología	4.022	442
Filos. e Psico.	3.009	252
Física e Opt.	1.452	274
Hist. e CCl.	2.361	484
Matemát.	1.190	220
Medicina	2.019	260
Química	1.435	180
Veter. e Polit.	4.497	268
CCs e Humanidades	603	144
EXB Lugo	683	54
EXB Santiago	1.524	186
Empresariais	1.500	204
Enfermeria	647	94



En canto os equipos coma xa se indicou con anterioridade adquiríronse os seguintes:

- 1 ordenador Alpha Server 2100 de Digital
- 73 terminais TCP/IP
- 26 lápices ópticos

Estes periféricos foron distribuídos entre as bibliotecas do Campus de Santiago, en función das cargas de traballo, número de persoal e de usuarios. Con obxecto de abarata-los custos de comunicacións, as terminais Visa existentes agrupáronse na BX e na B. de Filoloxía.

Pola súa parte moitos Centros adquiriron ordenadores personais e lectores de CD-ROM para as bibliotecas, mellorando considerablemente o parque que ata o presente ano estaba composto maioritariamente por 286, podendo dicirse que neste momento tódalas bibliotecas teñen ó menos un equipo suficiente para a consulta en monoposto dos seus CD-ROMs.

#### Biblioteca Xeral:

Compra: 3.055 títulos

Axudas Xunta: 1 títulos

Doazón: 893 títulos

Intercambios: 320 títulos

Universidade: 272 títulos

Depósito Legal: 1.549 títulos

Total: 6.090 títulos

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

En 1995 ingresaron na BUSC 32.519 títulos de monografías, un 0.53% máis que en 1994. Destes fondos 22.816 foron adquiridos co presuposto ordinario, 1.779 coas Axudas para Infraestructura bibliográfica da Xunta de Galicia, 3.991 ingresaron por doazón, 2.384 por intercambio e 1.549 por depósito do Depósito Legal da Xunta de Galicia.

O escaso crecemento respecto ó ano anterior, que en moitos centros supuxo unha redución considerable no número de títulos adquiridos, explícase debido a que en 1994 executáronse as Axudas de Infraestructura da Xunta de Galicia de 1993 e 1994 (72.350.000 ptas.), e porque nese ano existía unha forte remanente de presuposto de 1993 (30.127.761ptas.), coma xa se indicaba na Memoria de 1994.

Unha análise por campus xeográficos e tipo de adquisición indica:

### **Biblioteca Xeral:**

Compra:	3.055 títulos
Axudas Xunta:	1 títulos
Doazón:	893 títulos
Intercambio:	320 títulos
Universidade:	272 títulos
Depósito Legal:	1.549 títulos
Total:	6.090 títulos

Deste conxunto 3.028 títulos ingresaron nos fondos galegos, 620 na Biblioteca América e os restantes nos fondos xerais e Sección de Información bibliográfica e Referencia.

Seguindo a política de adquisición de fondos retrospectivos da Sección de Galicia destacaremos a adquisición dos manuscritos:

- Cernadas y Castro: *Décimas e romances do Cura de Fruime*, (1754-1776)

- Pita, Emilio: *Frouma Nova en Foupa Vella*, (194-?)

- Libro de Actas de la Sociedad La Mutual Ganadera de San Martiño de Mondoñedo*, (1918-1938)

- Ferrocarriles de Medina del Campo a Zamora y de Orense a Vigo. Memoria de las obras*, 1881-1883.

- Guillén Tato, Julio F.: *La verdad sobre los galeones de Vigo*, 1934  
Así mesmo hai que destaca-los seguintes impresos:

- Seoane, Luis: *Libro de tapas*. Buenos Aires, 1953.

- Razones atendidas por S.M. la Augusta Reina Gobernadora al declarar la ciudad de Pontevedra capital de la Provincia de su nombre...* Pontevedra, 1836.

- García de la Riega, Celso: *Galicia antigua : Discusiones acerca de su geografía y de su historia*. Pontevedra, 1904.

Hai que destacar tamén a doazón do Instituto de Cultura Hispánica á Biblioteca América de 17 volumens do facsímil da obra de José Celestino Mutis *Flora da la Real Expedición Botánica del Nuevo Reino de Grnada*, así coma a adquisición cos fondos das Axudas de Infraestructura bibliográfica da Xunta de Galicia da continuación do *Periodical Contents Index*.

### **Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago**

Compra: 16.131 títulos

Axudas Xunta: 776 títulos

Doazón: 2.508 títulos

Intercambio: 1.999 títulos

Total: 21.414 títulos

### **Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo**

Compra: 3.630 títulos

Axudas Xunta: 1.002 títulos


Doazón: 318 títulos

Intercambio: 65 títulos

Total: 5.015 títulos

Un desglose destes datos por Centros, así coma a evolución do número de títulos adquiridos entre 1994 e 1995, pode verse nas táboa e gráfico seguinte:

Centros	Compra 95	Total adquisiçions 95
BX	3.056	6.090
Biología	351	586
Económicas	1.798	1.953
Dereito e Pol.	3.036	3.240
Farmacía	285	497
Filoloxía	3.349	4.854
Filos. e Ps.	2.088	2.521
Física e Opt.	741	821
Xeogr. e CCI.	2.866	3.713
Matemáticas	699	797
Medicina	219	641
Química	324	458
Vet. e Politéc.	1.192	1.368
CCs. e Humanidades	1.160	1.235
Maxist. Lugo	1.750	1.854
Maxist. Santiago	978	1.132
Empresariais	530	558
Enfermería	173	201



As coleccións de publicacións periódicas incrementáronse cos fascículos de 7.004 títulos de revistas. Deles 3.769 foron adquiridos por subscripción sobre o presuposto da BUSC, 913 con presupostos de Centros, Departamentos e Proxectos, 1.126 por intercambio, e 1.196 por doazón.

Un desglose dos títulos de publicacións periódicas recibidos en cada Biblioteca pode verse na táboa seguinte:

Centros	Presuposto centralizado	Intercambio	Doazóns	Outros presupostos	Total
BX	102	95	266	50	513
Bioloxía	128	168	15	17	328
Economicas	300	24	301	9	634
Dereito e Pol.	443	81	0	338	862
Farmacía	240	57	74	22	393
Filoloxía	340	118	71	195	724
Filos. e Psico.	279	94	46	63	482
Física e Opt.	193	8	9	12	222
Hist. e CCI.	451	287	77	141	956
Matemát.	238	42	18	11	309
Medicina	291	12	0	0	303
Química	170	18	22	2	212
Veter. e Polit.	201	4	69	2	276
CCs e Humanidades	124	2	31	0	157
Maxist. Lugo	59	0	5	0	64
Maxist.Santiago	103	72	41	6	222
Empresariais	50	0	64	0	114
Enfermería	18	0	10	0	28
Observatorio	21	42	67	0	130
ICE	18	2	10	45	75
Total	3769	1126	1196	913	7.004

Con anterioridade á renovación realizáronse diversos cambios nos títulos subscriptos mantendo a equivalencia nos importes, dándose de alta 87 títulos e de baixa 59.

A BX xestionou a recepción de 840 fascículos correspondentes a 167 títulos que ofertados por diversas bibliotecas veñen a completar lagoas nas coleccións de revistas da BUSC. Hai que resaltar especialmente os envíos da Biblioteca da Universitat Autònoma de Barcelona que nos aportou 693 fascículos.

Moitas bibliotecas adquiriron fondos retrospectivos de revistas, na maior parte dos casos financiados coas Axudas de Infraestrutura da Xunta de Galicia. En total adquiríronse 139 títulos, na súa maioría fondos que completan títulos xa existentes.

Sen embargo a BX adquiriu algúns títulos novos en áreas das súas coleccións, entre os que cabe destacar: *Journal de Sans-Culottes* (1848-1849), *El Recreo compostelano* (1842), e *Ultreya* (1919-1920). Coas Axudas de Infraestrutura da Xunta de Galicia adquiriuse a base de datos de prensa Baratz en CD-ROM.

Coma en anos anteriores seguiuse levando adiante a política de **conservación**, realizándose en 1995 a microfilmación de 30 manuscritos e impresos, e de publicacións periódicas galegas coma *El Correo Gallego* (1939-1965), *Revista gallega* (La Coruña, 1895-1908), *El Eco de Galicia* (La Habana, ), e *El Eco de Galicia* (Buenos Aires, 1894-1901, 1911, 1924).

Hai que destacar tamén dende o punto de vista da conservación as obras xa sinaladas no depósito da BX, cambiando o sistema anti-incendios, mellorando a ventilación, e elevando as medidas de

seguridade dos fondos. Neste mesmo sentido dotouse con cámaras de control a Sala de Investigadores, lugar exclusivo para a consulta dos fondos históricos.

Iniciouse tamén, aínda que moi tímidamente dado os seus elevados custos, unha política de **restauración** dos fondos históricos da BX, xa que dende inicios dos anos 80 non se tomara ningunha medida ó respecto a non ser a identificación de exemplares que precisaban intervencións. Así en 1995 restaurouse a obra de García Tonel: *Relación de Exequias que hico la Real Audencia del Reyno de Galicia...* (Santiago : J. Pacheco, 1612). Pola súa parte tamén foi restaurada *Medidas de Romano*, de Diego de Sagredo (Lisbona : Luis Rodriguez, 1541), restauración que foi financiada polo V Centenario da Universidade.


Sinalar tamén que dúas bibliotecas precisaron en 1995 fumigacións debidas a existencia de termitas. Na Biblioteca de Xeografía e Historia a plaga detectouse nos propios fondos, mentras que na BX non hai indicios de que estes estean afectados, pero si o zócalo dun despacho próximo ó xardín do Colexio de Fonseca. A fumigación realizouse nesa zoa, afectando á Biblioteca América, Sección de Préstamo e despacho de Adquisicións bibliográficas.

## PROCESOS TECNICOS

No momento de redacción desta Memoria a base de datos bibliográfica da BUSC conta con 302.103 rexistros bibliográficos que se corresponden a 336.707 volumens. Estes rexistros corresponden ó catálogo completo das seguintes bibliotecas: Bioloxía, Farmacia, Filoloxía, Filosofía e CCE. e Psicoloxía, Física e Optica, Matemáticas e Química. Así mesmo están parcialmente incluídos ós catálogos da Biblioteca Xeral (Sección de Galicia, Biblioteca da Real Sociedade Económica de Amigos del Pais de Santiago de Compostela, gran parte da Biblioteca América, Sección de Préstamo e adquisicións bibliográficas a partir de outubro de 1991), e o catálogo de Xeografía e Historia coa excepción de aproximadamente 1.400 libros que ingresaron con posterioridade á reconversión e antes de que fora posible a conexión ó ordenador da BUSC.

Destes rexistros 213.181 corresponden ós fondos xerais, 14.807 a revistas e 74.115 ós fondos galegos (incluíndo contribucións a monografías e artigos de revistas). A composición por volumens é a seguinte: os fondos xerais contan con 276.914, os galegos con 59.793 volumens e 34.046 artigos de monografías ou revistas, e os títulos de revistas con 17.780 localizacións.

Estes datos poden apreciarse no seguinte gráfico:



Débase ter en conta que a base de datos necesita unha depuración de duplicados, orixinados especialmente polo feito de que ata datas recentes existían 3 instalacións independentes (Biblioteca Xeral, Filoloxía e Campus Sur). Este traballo será abordado en 1996.

As bibliotecas que ata finais de 1995 catalogaban manualmente realizaron neste ano 14.968 rexistros. A maioría delas procesan anualmente os fondos que ingresan, coas excepcións neste ano de Maxisterio de Lugo e en menor medida Xeografía e Historia.

Hai que resaltar a finalización do catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral, o único fondo histórico que ata este momento estaba sen describir. O Catálogo foi redactado por Dna. María Virtudes Pardo Gómez e será editado polo Servicio de Publicacións da Universidade en 1996.

Así mesmo e gracias á colaboración da anterior Directora da BUSC, Dna. Daría Vilariño Pintos, iniciouse neste ano a organización das *publicacións menores* (programas de actividades, carteis, etc.) da BX, na súa maior parte procedentes do Depósito Legal da Xunta de Galicia.

Neste momento estase tamén traballando na realización dunha guía sobre os fondos literarios hispánicos dos séculos XV-XVIII. No proxecto contase coa colaboración, ademais de persoal da BX, do Prof. José M. Díaz Bustamente e de Dna. Daria Vilariño Pintos.

A fins de 1995 comezouse a identificación e reconversión de fondos bibliográficos galegos que forman parte de diversas seccións da Biblioteca. Cando se iniciou a Sección Galicia, a principios dos anos 70, identificarase e incluírase no catálogo da sección unha parte destes fondos. Pero existe aínda un conxunto considerable que non están recollidos na base de datos, especialmente do século XIX e a primeira metade do século XX. Agárdase que a maior parte deste traballo estea finalizada en 1996.

Na BX, a única da que se posúen datos de ingresos de publicacións periódicas por unidades físicas, ingresaron 13.038 unidades, das que 2.025 foron de prensa, 2.505 de publicacións galegas, 1.893 de publicacións oficiais, 1.140 de revistas españolas, 974 de revistas extranxeiras, 121 de revistas da Biblioteca América, 73 CD-ROMs e 4.307 microformas.

Neste mesmo departamento da BX realizouse a catalogación analítica de 4.430 artigos de revistas referidos e/ou editados en Galicia, que se integraron na base de datos desta Sección. Deles 4.164

foron de revistas galegas, 168 de revistas de América e 98 doutros títulos que está recibindo a Biblioteca.

## SERVICIOS

No ano 1995 púxose por primeira vez en marcha na BUSC a recollida de datos mediante técnicas de mostra cara a avalia-lo uso e valoración das publicacións periódicas. Este sector de bibliografía é especialmente importante para a BUSC dado que nel se invisten a moior parte do presuposto para adquisicións bibliográficas (en 1995 máis do 66%), e ó mesmo tempo o seu uso era descoñecido posto que na maioría das bibliotecas as coleccións de revistas atópanse en acceso directo.

Este estudio, do que nesta memoria se adiantan algúns datos, xa que a súa análise non está aínda realizada, foi posible gracias ó esforzo de grande parte do persoal da BUSC, que engadiu ás súas tarefas habituais a realización das enquisas, e gracias á asesoría do Prof. Xavier de Salvador, experto en temas de metodoloxía da investigación social. Agárdase presentar máis adiante un estudio completo á Comisión da BUSC.

Sen dúbida, se se quere seguir adiante cos traballos de avaliación, imprescindibles para a planificación e a toma de decisións, será necesario dispoñer de persoal externo á BUSC para a recollida e posterior gravación dos datos, ó igual que ocorre na avaliación doutras actividades universitarias.

O feito de que sexa a primeira avaliación na BUSC de uso das coleccións feito con técnicas de estudos de usuarios implica que sen dúbida se cometeron erros, derivados tamén do grande número de persoal implicado e da dispersión de bibliotecas, de tal xeito que as

persoas que realizaron as enquisas en ocasións fixeron interpretacións propias sobre o valor das preguntas ou o modo de recollida dos datos, deixando sen cubrir algúns campos. Pese a estas eivas, o número de enquisas recollidas e os amplios períodos cronolóxicos cremos que fan significativos os datos tratados.

A gravación dos datos foi realizada polo Negociado de Publicacións periódicas da BX, e o seu tratamento foi feito co paquete estatístico SPSS (Statistical Package for Social Sciences). Xunto cos datos recollidos trataronse tamén outros datos de xestión que ten a Biblioteca coma o custo anual das subscripcións ós títulos consultados.

No estudio realizáronse 4.738 enquisas en 6 semanas de 1995: 6-17 de febreiro, 8-19 de maio, 6-10 e 20-24 de novembro, alternando xeiras de mañán e tarde nos distintos días da semana. Estes períodos escolléronse coma significativos da actividade normal das bibliotecas, evitando a proximidade do inicio do curso académico, tempo en que un grupo importante de usuarios está iniciando ó seu primeiro contacto coa BUSC, un período de maior actividade en relación cos exames cuatrimestrais e un período *normal* do curso. A distribución destas enquisas por bibliotecas pode verse na táboa seguinte:


Centros	1º período	2º período	3º período	Total
BX	383	268	292	943
Bioloxía	51	63	81	195
Económicas	92	122	103	317
Dereito e Pol.	13	6	11	30
Farmacía	80	96	72	248
Filoloxía	124	171	186	481
Filos. e Ps.	115	58	74	247
Física e Opt.	64	79	52	195
Xeogr. e CCl.	88	57	27	172
Matemáticas	28	34	34	96
Medicina	223	273	185	681
Química	131	123	140	394
Veterinar. e Pol.	100	55	55	210
CCs. e Humanidades	54	26	20	100
Maxist. Lugo	12	13	5	30
Maxist. Santiago	31	86	60	177
Empresariais	132	22	47	201
Enfermería	9	0	2	11
ICE	2	0	8	10
Total	1732	1552	1454	4738

En iguais períodos demandouse tamén a colaboración dos usuarios para indicar en listados postos nas fotocopiadoras os títulos de revistas fotocopiados, e recolléronse asimesmo os datos dos títulos de revistas solicitadas entre Centros da USC e en préstamo interbibliotecario por outras bibliotecas e centros de documentación. Este conxunto de datos indícanos o uso total da colección de revistas nos períodos cronolóxicos tratados.


As consultas realizadas nas propias instalacións das bibliotecas nas 6 semanas foi de 9.365. O número de artigos fotocopiados nas datas das enquisas polos usuarios da BUSC foi de 4.613, e o persoal da BUSC fotocopiou 509 artigos de revistas para usuarios doutros Centros da USC e 336 para préstamo interbibliotecario.

Das consultas realizadas o 79.3 % foron de usuarios da USC, o 0.7% da Universidade de A Coruña, o 1.8% da Universidade de Vigo, e o 17.8% outros tipos de usuarios, o que confirma a alta actividade da BUSC cara ós usuarios externos.


Das consultas de usuarios da USC o 23.3% corresponden a alumnos do 1º e 2º ciclos, o 26.3% a alumnos do terceiro ciclo, e o 29.6% a profesores, nunha correspondencia lóxica respecto ó agardado. A distribución por bibliotecas e tipos de usuarios pode verse no gráfico seguinte:




A procedencia porcentual dos usuarios por centros, dato que non se recolle nun alto número de enquisas (1950), é a que se indica no seguinte gráfico:



A porcentaxe de consultas realizadas por puntos de servicio foi:




En canto o tipo de consulta a actividade de *browsing* parece máis escasa do que cabería agardar. Un 8% das consultas son para follea-lo índice e un 11.5% para follea-la revista. Nalgunha medida incide que tódalas bibliotecas envíen boletíns de sumarios de revistas ós Departamentos, dende onde os usuarios poden controla-los contidos das mesmas, aínda que probablemente ó enviarse un único exemplar por Departamento o seu efecto é menor do que cabría agardar. En calquera caso sorprende que sexan boa parte das bibliotecas de Ciencias, con bases de datos de alta calidade para a recuperación bibliográfica, as que fan unha actividade maior de follea-los índices coma se pode ver no gráfico seguinte:




Se se correlaciona a actividade co tipo de usuario o *browsing* distribúese de forma moi similar entre os tres tipos de usuarios da USC, aínda que aumentando lixeiramente coa cualificación dos usuarios, coma pode verse no gráfico da páxina seguinte.

Finalmente a análise suxire un defecto de prantexamento desta pregunta : seguramente un número considerable de usuarios que acudiron ás bibliotecas a consultar algún artigo, fixo ó mesmo tempo actividades de *browsing*, que non foron explicitadas nas respostas ó seren consideradas unha actividade marxinal.


O uso declarado do que podemos denominar consulta (lectura dun artigo) ten un índice do 72.4% das consultas. A distribución das actividades por tipo de usuario pode verse na táboa:



543 das consultas(4.1%) delas foron a bases de datos en soporte CD-ROM, e delas o 29.83% (162) foron realizadas con axuda do persoal da biblioteca ou directamente por este a petición dos usuarios. A distribución por tipos de usuarios indica que o índice de autonomía maior teñenna os alumnos de terceiro ciclo seguidos polos profesores. Sen dúbida existe aínda unha lagoa importante na formación do uso desta tecnoloxía, aínda que hai que resaltar unha ampla marxe de autonomía dos usuarios.



A valoración dos títulos consultados indica un alto grao de satisfacción dos usuarios coas coleccións. Neste item as unidades de observación non valoradas foron o 7.8%. As unidades de análise para as revistas consultadas indican nunha escala de 0 a 10 os resultados porcentuais seguintes:




Non deixa de chamar a atención a alta valoración que a maioría dos usuarios dan ós títulos consultados. Sen embargo, este dato posiblemente debera ser matizado polo feito de que nos anos anteriores ás enquisas a comunidade universitaria discutiu en diversas ocasións a posible necesidade de supresión de títulos cara a poder facer fronte ós incrementos de prezos. É coñecido pola Dirección da Biblioteca que nalgúns centros os usuarios verbalizaron a opinión de que tal era a finalidade dun traballo de avaliación que debería ser constante e que desgraciadamente non poido poñerse en marcha con anterioridade nin noutras áreas de coleccións e servicios da BUSC.

En total os documentos contabilizados nos **servicios de consulta en sala e préstamo a domicilio** polos usuarios directos da BUSC foron 472.770, sen incluí-las consultas de fondos en acceso directo (a maior parte publicacións periódicas en curso e manuais e textos de uso frecuente polos alumnos) das que moitas bibliotecas no fan estimacións ou cando as fan os sistemas de recollida de datos son tan variables que non poden considerarse en conxunto. Esta cifra representa unha baixa do 3.71% sobre a correspondente a 1994, que se debe sen dúbida a que, aínda que non masivamente, as bibliotecas van pasando fondos ó acceso directo e perdendo polo tanto datos sobre as consultas.

Dos 472.770 documentos propios postos en servicio 176.774 foron consultados nas instalacións das bibliotecas e 295.996 retirados en préstamo a domicilio, ós que hai que engadir 2.539 que circularon

entre as diversas bibliotecas da BUSC. Chama a atención que o servizo de préstamo alcanzase o 62.60% do uso total, fronte o 55.78% que representaba o ano 1994. Probablemente a falta de datos sobre uso das coleccións en acceso directo nas instalacións bibliotecarias condicione tamén con forza este dato, no que inflúen sen dúbida outros factores coma a escasez de postos de consulta do que xa se falou no apartado de Instalacións.

Centros	Lectura en sala	Préstamo a domicilio
BX	16.153	42.182
Bioloxía	1.436	19.272
Económicas	23.164	18.854
Dereito e Pol.	13.000	4.100
Farmacía	2.510	7.983
Filoloxía	13.300	47.449
Filos. e Psico.	17.880	26.861
Física e Opt.	2.587	15.345
Hist. e CCl.	19.326	19.162
Matemát.	5.500	16.630
Medicina	18.833	7.637
Química	6.203	10.972
Veter. e Polit.	21.586	27.311
CCs e Humanidades	3.347	8.322
EXB Lugo	2.516	4.231
EXB Santiago	6.110	10.404
Empresariais	1.288	4.592
Enfermería	2.035	4.329



Hai que destacar que seguen a ser as Bibliotecas de Filoloxía e a BX as que teñen unha máis forte carga no servicio de préstamo, aínda que a primeira cunha leve tendencia á baixa (-1.09%) sobre 1994 e a segunda cun lixeiro incremento (2.07%). Chama a atención, por outra parte, o reiterado escaso volumen deste servicio na Biblioteca da Facultade de Dereito, CC. Políticas e Graduados Sociais, especialmente se se ten en conta o seu elevado número de usuarios potenciais, dato que ten a súa correspondencia na ausencia de consultas a revistas por parte dos alumnos que se detectaba no estudio das revistas, e que non se corresponde ós recursos humanos destinados nela. Esta situación soamente pode explicarse en función do estado de organización desta Biblioteca, que urxe abordar.

Coma no ano anterior o servicio de préstamo básase na forte utilización dun reducido número de títulos: na BX 33.893 préstamos

automatizados realizáronse sobre 7.882 exemplares, en Farmacia 16.630 sobre 4.681, en Química 10.972 sobre 2.377, etc.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servicios de información bibliográfica**, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. As 8 bibliotecas que contabilizaron este servicio (BX, Filoloxía, Xeografía e Historia e CCI, Medicina, Veterinaria e Politécnica, Maxisterio de Lugo e Maxisterio de Santiago) resolveron 9.653 consultas.

Entre estes servicios hai que resalta-la actividade da Biblioteca de Bioloxía que realiza un servicio de difusión selectiva da información contida no *Current Contents*, en base ós perfíles previamente diseñados dos seus usuarios.

Na Biblioteca Xeral os usuarios do Servicio de Información foron 3.714, dos que un 43.37% foron alumnos, 26.62% investigadores, profesores ou alumnos do terceiro ciclo, e o resto outras institucións (Xunta de Galicia, Fundación Universidade-Empresa, Coren...), outras bibliotecas da USC, outras bibliotecas universitarias ou usuarios externos.

Estes usuarios plantexaron 4.456 consultas, das que soamente 13 non foron resoltas. O 56.6% destas consultas foron sobre os propios servicios da BUSC, sendo as restantes sobre utilización de bibliografías e obras de referencia. Así mesmo este servicio elaborou a petición dos usuarios 105 bibliografías, e proporcionou 247 pases temporais a usuarios externos para consultas na BX.

Prácticamente tódalas bibliotecas, coa excepción da de Dereito, CC. Políticas e Graduados Sociais, Maxisterio e Empresariais de Lugo,

realizaron actividades de **formación**. Estas actividades dirixíronse en tódolos casos ós alumnos de primeiro curso, pero moitas delas fixéronnas tamén dirixidas ó segundo e terceiro ciclo e a profesores e investigadores. A formación vai dirixida a familiariza-los usuarios cos servicios da BUSC, á consulta do catálogo automatizado, e á recuperación de información electrónica. Neste último campo, o estudio de uso de coleccións de revistas aconsella dirixir esforzos no uso da tecnoloxía CD-ROM ó menos ós alumnos de 2º Ciclo.

O **préstamo interbibliotecario** realízase en dous puntos de servicio dentro da BUSC: a Biblioteca Xeral e a Biblioteca da Facultade de Medicina. En conxunto recibiron 13.920 solicitudes de documentos non existentes nos fondos da BUSC e 9.074 solicitudes de documentos propios por parte doutras bibliotecas e centros de documentación.

Na Biblioteca Xeral realizáronse 13.588 transaccións de solicitudes de documentos, dos que 8.181 foron solicitudes da BUSC e 5.407 foron solicitudes doutras bibliotecas á BUSC. Hai tamén unha redución no uso deste servicio, diminuindo un 13.52% as solicitudes da BUSC e o 4.77% as solicitudes externas.

Do conxunto de solicitudes dos usuarios da BUSC 706 solicitudes non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó extranxeiro (446), ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos. Das restantes solicitudes obtiveronse 6.903 documentos (89%), non se obtiveron 204 (2%) e estaban en trámite a fins de ano 628 (8%). O promedio de tempo na


obtención dos documentos foi de 22.67 días, diminuindo lixeiramente sobre 1994, debendose ter en conta que ata finais de ano non se comezou un uso continuado do correo electrónico e que por tanto soamente 862 documentos foron solicitados por ese medio en 1995, mentras que dende mediados de setembro de 1995 a mediados de xaneiro de 1996 o 50% das solicitudes foron tramitadas por correo electrónico.

A maioría destas demandas foron artigos de revistas obtidos en fotocopias, aínda que 834 foron documentos orixinais prestados temporalmente.

Destes documentos o 75.08% foron localizados en Bibliotecas españolas, e dentro delas un 33.06% en bibliotecas da rede REBIUN. Destaca moi especialmente como proveedor a Biblioteca Universitaria de Barcelona, e en menor cantía a de Alcalá de Henares e o CINDOC. O máis importante proveedor para a BUSC no extranxeiro é a British Library, á que se dirixiron o 15.8% das nosas solicitudes.

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:






As Bibliotecas das Universidades de A Coruña e Vigo, para quen realiza o servizo de préstamo interbibliotecario a BUSC, demandaron 1.459 e 1.700 documentos externos respectivamente. Sobre os propios fondos da BUSC a Universidade de A Coruña demandou 970 documentos e a de Vigo 1.034.

Segue destacando a alta dispersión que existe na demanda de títulos de revistas neste servizo, sendo soamente 13 títulos os que tiveron demanda máis de 15 veces, e destes soamente 9 corresponderon a demandas de usuarios da USC, sendo os restantes solicitudes de usuarios das Universidades de A Coruña e Vigo. Destes 9 títulos o máis solicitado foi *Early Childhood Research Quarterly* con 38 demandas, pero todas do mesmo solicitante. En igual caso se

encontra *Ground Water* con 22 demandas do mesmo solicitante. Soamente *Genomics* con 15 solicitudes de diferentes usuarios coincide cos títulos máis demandados no ano 1994. Dos restantes 6 títulos, 4 estanse recibindo por subscripción en distintos centros e as solicitudes corresponden a períodos cronolóxicos non existentes na BUSC.

Dos 5.407 documentos solicitados dos fondos da BUSC por outras bibliotecas, suministráronse 4.710 (87%), 659 non se serviron por non existir nos nosos fondos ou non poderse identificar por datos incorrectos, e 38 estaban en trámite ó peche do ano.

A procedencia dos documentos propios foi a seguinte:



Comparando este gráfico e o anterior chama a atención a forte demanda de documentos externos da Facultade de Farmacia que se

corresponde a súa vez cunha forte demanda externa dos seus documentos. Estas demandas son fundamentalmente das Universidades do País Vasco, Alcalá de Henares, Pública de Navarra, Las Palmas, Cádiz, do C.S.I.C., e de un gran número de hospitais e institutos de saúde españoles.

Dos documentos solicitados 541 foron orixinais en préstamo temporal, dos que a maioría pertencían ás Bibliotecas de Filosofía e Psicoloxía (150), Biblioteca Xeral (87), e Filoloxía (72). Pola súa parte a demanda de artigos máis alta correspondeu os seguintes títulos de revistas: *Journal of Agricultural and Food Chemistry* (49), *Botanica Marina* (32), *Nature* (30), *Tecnología del agua* (28), *Applied Optics* (27), *Applied Microbiology and Biotechnology* (27).

A Universidade Pública de Navarra, a do País Vasco, Alcalá, Cantabria, Carlos III, Rovira i Virgili, Las Palmas, Cádiz e Autónoma de Barcelona son os centros con maior número de solicitudes, xunto co CINDOC e o Instituto Español de Oceanografía. Entre os centros extranxeiros que demandaron fondos á BUSC destaca a Universidade do Miño e a British Library.

Existen menos datos deste servizo na Biblioteca da Facultade de Medicina xa que o servizo veuse realizando de forma manual ata o presente ano. A finais de 1995 adquiriuse unha licenza do programa SOD para a xestión do servizo a partir de 1996 na Facultade de Medicina.

En 1995 este punto de servizo demandou para os seus usuarios 5.582 documentos, dos que obtivo 4.959 (88.8%), non suministró 614 e tiña en curso a fins de ano 9. Recibiu 3.477 demandas de documentos propios, dos que serviu 3.062.

A Biblioteca da Facultade de Matemáticas, que forma parte da rede Documat, demandou 157 documentos para os seus usuarios e recibiu 190 demandas sobre os seus propios fondos.

Coma un servizo de **difusión** da información que compón a BUSC, esta seguiu a colaborar con diversos organismos cara a edición dalguns dos seus fondos ou para a organización de exposicións bibliográficas.

Os fondos emprestados para a edición foron os seguintes:

•Colmeiro, Manuel : *Derecho Administrativo español*. Madrid, 1850, solicitado pola Escola Galega de Administración Pública.

•Correa Fernández, Antonio : *Estudio médico de los insectos nocivos al hombre*. Lugo, 1897, solicitado polo Laboratorio de Parasitología da Facultade de Farmacia.

•López Seoane, Victor : *Reseña de Historia natural de Galicia*. Lugo, 1866, solicitado pola Instituto Galego de Información.

Moi especialmente hai que destaca-la edición facsímil realizada pola Xunta de Galicia do manuscrito coñecido coma *Libro de Horas de Fernando I* co gallo do V Centenario da Universidade.

As exposicións en que se colaborou no presente ano foron:

•*Exposición sobre a Ilustración e Educación en Galicia*, no marco do Simposio que co mesmo nome tivo lugar entre o 16 e o 27 de xaneiro organizado pola Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación no seu XX Aniversario.

•*Rafael Dieste. Día das Letras Galegas*, en colaboración co Instituto de Bacharelato Rafael Dieste. A Biblioteca editou a obra *Rafael Dieste* :

*Bibliografía e Cronoloxía*, de X.L. Axeitos, a quen hai que agradecer dende aquí a súa colaboración permanente coa BUSC.

- *V Centenario da Universidade de Santiago*, que se desenvolveu dende o inicio do curso académico ata o vindeiro mes de setembro.

- *Exposición Valle-Inclán*, no marco do Congreso Internacional Valle-Inclán y el fin de siglo, celebrado do 23-28 de outubro, organizado pola Facultade de Filoloxía.

## INDICE

	Páxinas
Marco xeral	1
Presuposto	6
Persoal	18
Instalacións e equipamento	21
Desenvolvemento das coleccións	26
Procesos técnicos	33
Servicios	37

